

Particularidades da nómina de xaneiro

O ano pasado negociáronse diversos aspectos da nosa remuneración que entrarán en vigor neste mes de xaneiro, dando lugar a unha nómina un pouco especial. Das particularidades desta nómina cabe destacar os seguintes aspectos:

P.PE Rateo pag. extras CCB: Este novo concepto na nómina reflectirá unha doceava parte da suma das pagas extraordinarias que vimos cobrando, agás a de verán e Nadal. Para a maioría de empregados son 3,5 pagas, compostas polos conceptos salario base e antigüidades. Para aqueles que cobran festas suprimidas, ratearanse 3,846 pagas.

Ascensos por antigüidade: Na nómina de xaneiro, todos os que alcancen catro anos de antigüidade ou máis na categoría XI ou X, pasarán a ter a categoría X ou IX respectivamente. Os que teñen categoría IX e leven dezaioito anos ou máis na empresa, quedarán asimilados en salario a nivel VIII. En caso de cobrar o plus "B.51-Complemento Persoal", este absorberase e compensarase coa contía que supón o cambio de categoría. No futuro, estes ascensos serán de aplicación xeral.

Ascensos por función: A todos aqueles que realizan funcións de xestor comercial, analista de riscos, responsable servizo ao cliente ou xestor comercial e de servizo e acumulen máis de seis meses no último ano ou oito nos dous últimos, asignaráselles o salario e nivel VIII como mínimo. No futuro, estes ascensos serán de aplicación xeral.

Tamén cabe apuntar que, como vén sendo habitual e con periodicidade anual, na nómina de xaneiro, aos empregados que cobran "J.11-Economato" se lles actualizará o devandito importe co incremento do 3% sobre a cantidade cobrada en xaneiro de 2009. Tamén constará a achega que se realiza ao Plan de Pensións baixo o concepto J.12, que para os anteriores a marzo de 1980 será de 496,35 € e de 762,08 para o resto. Ademais, sobre este concepto achegaranse os atrasos que supón a desviación de 1% do IPC

por encima do incremento de convenio no 2010 (2%). Os atrasos do resto de conceptos salariais ou beneficios sociais pagaranse en febreiro.

CONCEPTOS EXCEPCIONAIS que, debido ao Pacto sobre o rateo das pagas, se lles aboarán nesta nómina a aquelas persoas que en outubro pasado optaron por cobrar en efectivo en vez de en accións do banco:

P.02 Participac. benef. marzo: Na nómina e baixo este concepto cobrarase a 1,75 paga de beneficios que se debía cobrar en marzo.

P.90 Liquid. cambio devengo GBS: Esta débeda xerouse a aqueles traballadores que estaban en activo antes do 1-1-2005 e non proviñan do Atlántico. Ese ano 2005 cámbianse os períodos en que se devengan as pagas extras, pasando todas a devengarse no ano natural, excepto as de verán e Nadal que devengan só durante o primeiro semestre e o segundo respectivamente. O importe da débeda é un 76% dunha paga extra e se se cobran festas suprimidas é o 102%. En caso de ter unha liquidación con posterioridade á devandita data, por motivo dunha excedencia, agora non o cobrará porque xa se lle liquidou no seu día.

P.91 Liq. concep. voluntarios: Esta débeda afecta os empregados que estaban en activo antes do 1-1-2003, cobraban pluses voluntarios e actualmente seguen cobrando B.50-Mellora Voluntaria. Nesa data o banco pasa de pagar os conceptos voluntarios de 14 pagas a 12 e xera unha débeda igual ao 50,486% do importe cobrado no mes de setembro no plus B.50. Como no concepto anterior, poida que se liquidasen se se tivo unha excedencia.

Seguiremos informando.

Xaneiro de 2011

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación Enviar a ►		3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:		
Domicilio	C.P.:		
Poboación			
Cta. de cargo			
		DNI	Data / /
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Setes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>			